CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | |
| **Documento** | **Expediente** | **Fecha** |
| CMG12I17D | CON/71/2017 | 09-07-18 09:25 |

Sello o Certificación Mecánica

Número 15 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de mellora da accesibilidade na Rúa Bispo Diego Peláez".

Destinatario

15078DCMG12I17Dc

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de xullo de 2018 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 15 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA BISPO DIEGO PELÁEZ".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 2 de abril de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/393 de data 4.7.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal,** concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Obras de mellora da accesibilidade na Rúa Bispo Diego Peláez*", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

Primeiro: Con data 6 de marzo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Segundo: Con data 27 de marzo seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), por un importe de **138.363,64 euros** (IVE aparte 21%: 29.056,36 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 15320 61900-2017 4 VIASP 88 8.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de "Obras de mellora da accesibilidade na Rúa Bispo Diego Peláez" a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), por un importe de **138.363,64 euros**, (IVE aparte 21%: 29.056,36 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos.

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | | Sello o Certificación Mecánica |
|---|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | | |
| Documento | Expediente | Fecha | |
| CMG12I17D | CON/71/2017 | 09-07-18 09:25 | |

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15320 61900-2017 4 VIASP 88 8.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org